



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 20 de marzo de 2019**

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 13 de marzo de 2019.
2. Concédese licenza de legalización de obras e actividade da instalación de infraestrutura de telecomunicacións na azotea do edificio sito no nº 16 da rúa Jaime Janer, Marín.
3. Apróbase o proxecto de obras de “Sistema de retención de sólidos no aliviadoiro e equipos para incrementar caudais de impulsión da estación de bombeo de augas residuais de A Goleta”, cun orzamento de 161.873,24 euros, incluída no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
4. Dáse conta da concesión de subvención, por importe de 39.989,81 euros, con destino ó investimento “Renovación superficial do pavimento da vía de praias (Portocelo)”, ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
5. Dáse conta da concesión de subvención, por importe de 39.960,88 euros, con destino ó investimento “Prolongación da rede de saneamento da rúa da Costa”, ao abeiro do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
6. Dáse conta da aprobación da actuación do grupo “Amantes da Terra” no Concello de Marín, con cargo ao “Programa Musigal 2018”, da Deputación de Pontevedra.
7. Dáse conta das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
8. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Subsánase a solicitude de subvención para a contratación de 24 traballadores desempregados ao abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o ano 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, sendo o importe solicitado 111.000,96 euros.
2. Concédese licenza para o cambio de cuberta na edificación sita no lugar de Montecelo nº 14, Loira, Marín.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - www.marin.es

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E30002A5D200H1C2X1R5O8M0 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190173522
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 29/03/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/03/2019 09:05:16	Fecha: 29/03/2019 Hora: 09:05